Trasalba 12 do San Xoán 1961

Sr. Dn. Antonio Fráguas y Fraguas
Sant Iago de Compostela

Meu querido e lembrado amigo: Ditoso dia. O Santiño vai ser soado. En Compostela hai boas viandas e sinon están dispostos os fendos de Cotobade e da Ulla. Os pementos de Herbón sóelle ben antonianos e ben gobernan con lombelo e outras regalias. Estamos no tempo das novas froitas e das grorias das hortas finas e coido que tamén do rodaballo "grillée" prato moi santiagués.. Nestora teñen Vdes os exames que é como o tempo do Precepto pra os cregos. Pros "pasivos" e enteirados nas fias da Estadea xa non hai ren. Eiquí estamos a maior parte do tempo con algunhas certas viaxotas.

Fita tamén lle desexa moi ledo dia con moitos saúdos pra Teresa e tamén os meus saúdos. Quezais pros derradeiros vai pra as Rúas a cumprir o mes de descanso de meiciñas.

Sempre o vello amigo con infindas apertas

R. Otero Pedrayo